

PAU 2025

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

FUNDAMENTOS ARTÍSTICOS

(Cód. 55)

A coherencia, a cohesión, a corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos producidos, así como a súa presentación, poderán ser consideradas, de forma global, ata un máximo de **1 punto**.

**PREGUNTA 1. ARTE E EXPRESIÓN. (4 puntos).**

**1.1.** *Lea atentamente o seguinte texto e explique o sentido da arte na obra artística de inicios do século XX. (2 puntos).*

Terase en consideración o seguinte:

- Comprensión da cita de George Grosz, ata 0,5 puntos.

O pensamento expresionista e a súa actitude fronte a arte.

Comprensión do sentido das ideas expostas no texto sobre: pintura intimista e arte emocional.

- Identificación e explicación das características do expresionismo, ata 0,75 puntos.

Principais características do expresionismo (introspección esaxerada, amargura existencial, deformación da realidade,...).

Relacionar as características do expresionismo co texto de George Grosz. Capacidade de análise e reflexión.

- Exemplos de artistas e obras expresionistas, ata 0,5 puntos.

Inclúe exemplos relevantes de artistas expresionistas como Otto Dix.

- Claridade expositiva, cohesión e estilo na redación, ata 0,25 puntos.

**1.2.** *Sendo vostede guía en prácticas no Museo Grosz de Berlín, debe explicar o sentido do expresionismo a un grupo de turistas xaponeses, perplexos ante a obra *Transeúntes* de George Grosz. (2 puntos)*

Terase en consideración o seguinte:

- Comprensión e análise visual da obra, ata 0,5 puntos.

Expoñer as principais características da obra pictórica.

Sinalar elementos clave, como a caricaturización e a distorsión das figuras.

Sinalar a composición, o emprego da línea e a técnica na obra.

- Contextualización histórica e artística, ata 0,75 puntos.

Destacar a obra dentro do movemento expresionista e a relación coa arte precedente.

Sinalar a importancia de *Grosz*, a súa evolución artística e a importancia na arte posterior ó impresionismo.

- Reflexión crítica e análise conceptual, ata 0,5 puntos.

Reflexión sobre o significado e a crítica da sociedade da obra.

Comentar as emocións ou sensacións que a obra *Transeúntes* de Grosz poden provocar no espectador.

- Claridade expositiva, cohesión e estilo na redación, ata 0,25 puntos.

## **PREGUNTA 2. VISIÓN, REALIDADE E REPRESENTACIÓN. (2 puntos)**

*Identifique e describa o estilo artístico ao que pertence esta obra de Paul Cézanne. Analice as súas características estilísticas. Engada algún autor ou autora que pertenza ao mesmo movemento.*

- Características do Impresionismo e características formais da obra, ata 0,75 puntos.

- Tratar a obra de Cézanne, ata 0,5 puntos.

- Citar outros artistas relacionados, ata 0,5 puntos.

- Valorarase a claridade expositiva, ata 0,25 puntos.

## **PREGUNTA 3. VISIÓN, REALIDADE E REPRESENTACIÓN. (2 puntos)**

*Identifique e describa o estilo artístico ao que pertence esta obra de Juan Gris. Analice as súas características estilísticas. Engada algún autor ou autora que pertenza ao mesmo movemento.*

- Características do Cubismo e características formais da obra, ata 0,75 puntos.

- Tratar sobre a obra de Juan Gris, ata 0,5 puntos.

- Citar outros artistas relacionados, ata 0,5 puntos.

- Valorarase a claridade expositiva, ata 0,25 puntos.

**PREGUNTA 4. OS FUNDAMENTOS DA ARTE. (2 puntos)**

*Atendendo ao contido simbólico e á diferenza de percepción entre a época das obras propostas e a actualidade, compare unha delas con obras doutros autores ou autoras, aínda que sexan de diferentes disciplinas artísticas:*

4.1. *“Nature morte aux aignons” de Cézanne. (2 puntos)*

4.2. *“Frutero y periódico” de Gris. (2 puntos)*

Tras a elección da cuestión a desenvolver valorarase a exposición clara das ideas, segundo os seguintes criterios:

- Aspectos xerais da obra, ata 0,75 puntos.
- Emprego de terminoloxía específica da arte, ata 0,5 puntos.
- Aportacións persoais, ata 0,5 punto.
- Valorarase a claridade expositiva, ata 0,25 puntos.